

Declaración institucional do 25 de novembro - Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres e nenas.

O 25 de novembro foi declarado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas como "Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres", por ese motivo, o Concello de Carballo manifesta un ano máis o seu firme rexeitamento de calquera expresión de violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións.

Cada morte é un fracaso da sociedade, por iso, as institucións, organizacións e sociedade civil debemos unirnos para conseguir unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Seguimos nos tempos de actuar con firmeza e decisión para romper as barreiras que as mulleres aínda atopan na actualidade, para que poidan conciliar a vida laboral e familiar, para acceder aos espazos de toma de decisións e para poder exercer plenamente os seus dereitos.

As organizacións e institucións temos que seguir contribuíndo a converter estes delitos nun problema de estado. O Concello de Carballo rexeita calquera tipo de violencia contra as mulleres e estará sempre a seu carón para defender os seus dereitos.

As cifras de denuncias e o alto número de mulleres asasinadas, evidencian a gravidade desta grande lacra social e pon de manifesto a necesidade de actuar dende as institucións, organizacións e sociedade civil.

Temos que estar dispostos a camiñar cara o compromiso de todos os homes e mulleres para facer visíbel o rexeitamento diante de calquera forma de violencia contra as mulleres.

O día 25 de novembro é, pois, unha data onde cómpre denunciarmos estas discriminacións e onde se fai necesario comprometermos individual e socialmente para loitar contra a violencia de xénero.

Por iso propoñemos:

Subscribir a presente Declaración

Expresar a nosa solidariedade coas vítimas da violencia de xénero e as súas familias

Manifestar a nosa máis enérxica repulsa á violencia que se exerce contra as mulleres

Comprometermos co resto das Institucións e axentes sociais a seguir traballando pola erradicación da violencia de xénero.

Traballar na prevención a través da educación e na sensibilización social tratando de implicar a todos os sectores e a toda a poboación

Instar a Xunta de Galicia a seguir dando pasos para incrementar os recursos económicos e sociais que permitan protexer e garantir a seguridade das mulleres vítimas de violencia.